

## O principal problema da economía: a falta de confianza

**Eduardo Giménez (\*)**

O principal factor que está incidindo na situación económica actual é a falta de confianza dos axentes económicos. En realidade, o xermolo do problema xurdiu da falta de confianza entre as entidades financeiras tras a crise das hipotecas subprime de agosto do 2007. Isto ocasionou que os bancos non se fíaran uns de outros, e deixaran de prestarse entre si, o que forzou á intervención dos Bancos Centrais para inxectar diñeiro –liquidez– no sistema financeiro para as necesidades de financiación dos bancos comerciais a curto prazo.

Despois de un ano, aínda non está recuperada esta confianza, logo que hai empresas de investimento e bancos que aínda non amosaron a magnitude do dano que teñen sufrido. Bear Stearns Cos. en marzo; Fannie Mae e Freddie Mac hai unhas semanas; Lehman Files e Merrill Lynch a semana pasada, e A.I.G. esta semana, son exemplos de que aínda non esta clara a repercusión da crise.

Outras sociedades clasificadoras bursátiles, aseguradoras, empresas de investimento e bancos serán os seguintes en porse a proba. Nengunha entidade financeira quere sinlarse como afectada e todas tentan amosar a súa solidez: publicitar ter problemas podería agravar a súa situación (perda de clientes e do valor en bolsa, dificultade para obter créditos... e finalmente quebrar). Pero isto provoca que se manteña a desconfianza dos investidores e entidades financeiras. É un exemplo de 'selección adversa', polo que lle deron o Premio Nobel a Akerloff no 2001. Por tanto, a falta de confianza ocasiona falta de liquidez. Esta última causa problemas aos particulares e empresas pola dificultade de obter financiamento (hipotecas, préstamos, etc), ou refinanciamento de débedas. Isto ocasiona máis desconfianza no futuro por parte das empresas e consumidores: as familias non gastan, as empresas non invisten e non contratan, e isto contrae máis a

demanda. Eis o aumento do desemprego e o freo do crecemento económico.

Alén diso, a falta de confianza no sistema financeiro levou a moitos investidores a ir a outros mercados, como os das materias primas, por exemplo, ouro e petróleo. De feito, a escalada nos prezos do petróleo nun panorama de recesión mundial reflicta a falta de confianza dos investidores nos activos financeiros. Sen embargo, isto afecta ás economías familiares e as empresas aumentando os prezos, o que volve xerar maior desconfianza. Hai que pensar que todas as intervencións dos gobernos e dos Bancos Centrais –privatizando bancos ao borde da quebra para non por en perigo o sistema financeiro ou intervindo nos mercados inxectando liquidez– van en liña de recuperar a confianza dos axentes económicos.

Finalmente hai dúas cuestións de fondo. A primeira é si se esta falta de confianza pudo evitarse ou se as actuacións de gobernos e

Bancos Centrais –promoción fiscal á adquisición de vivenda e taxas de xuro moi baixas– propiciaron as circunstancias que favoreceron esta crise. A segunda é qué facer na situación actual. Se é un problema de 'selección adversa', onde publicitar os problemas de unha empresa financeira individualmente pode ser un suicidio para a mesma, a teoría económica indica que precisamos de un organismo – neste caso os Bancos Centrais e gobernos– que proporcione información sobre a situación actual. Habería que solicitar ás empresas do sector que lles indicaran fidedignamente se teñen problemas e en qué magnitude; para logo publicar conxuntamente a situación de todas as empresas e as medidas a tomar. Máis información é un primeiro paso para recuperar a confianza no sistema financeiro, e evitar sobressaltos como os de estas semanas.

**(Departamento de Economía Aplicada,  
Universidade de Vigo).**